ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

Concello de Vigo
Expte. 4321/1101

# ACTA

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 6/2024

## SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2024

## ORDE DO DÍA

## PARTE RESOLUTIVA

1. **Actas anteriores:** ordinaria do 26 de febreiro e extraordinaria do 1 de marzo do 2024.

2. Toma de posesión da concelleira electa Dª Patricia García González (Expte. Pleno 4322/1101)

**Mocións:**

3. Moción do grupo municipal do BNG de medidas para frear o aumento do prezo dos alugueiros e facilitar o acceso social á vivenda na cidade. Expte. Pleno 4333/1101.

4. Moción do grupo municipal do Partido Popular amosando o rexeitamento deste Pleno á decisión do Presidente do Goberno de renunciar a presentar uns Orzamentos Xerais do Estado no 2024. Expte. Pleno 4334/1101.

5. Moción do grupo municipal Socialista instando censurar ao Partido Popular de España polo seu rexeitamento ao Teito de Gasto aprobado polo Goberno e o Congreso dos Deputados (co voto en contra do PP) e outros acordos complementarios. Expte. 4335/1101.

6. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia que derogue a confinanciación, imposta ao Concello de Vigo, no ámbito dos Servizos Sociais e que asuma cos seus recursos económicos a súa competencia exclusiva. Expte. 4336/1101.

7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Medio Ambiente a mostrar o seu compromiso real e prioritario coa candidatura das Illas Cíes a geoparque promovida polo Concello de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 4337/1101.

**8.** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Partido Popular a respectar a importancia da cidade de Vigo nos nomeamentos, rexeitando que para a Presidencia da Deputación de Pontevedra non designasen a un representante de Vigo. Expte. pleno 4339/1101.

## PARTE DE CONTROL

**Mocións.**

**9.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno municipal a que considere o modelo que debe aplicarse, no relativo a asignación de dedicacións exclusivas, entre o aplicado polo goberno municipal de Vigo ou o acordado polo goberno da Deputación de Pontevedra. Expte. Pleno 4338/1101.

**Resolucións.**

**10.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.02.24, de delegación da Presidencia efectiva e Vicepresidencia das Comisións Informativas do Pleno. Expte. Pleno 4276/1101.

**11.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 7.03.24, relativa ao desempeño das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Expte. Pleno 4300/1101.

**12.** Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 7.03.24, de modificación da Resolución do 7.02.24, de delegación no Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de Fomento a totalidade das actuacións municipais no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaidos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de Fútbol da FIFA 2030. Expte. 1134/1102. (Expte. Pleno 4324/1101).

**13.** Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1651/1102. (Expte. Pleno 4330/1101)

**14.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1650/1102. (Expte. Pleno 4331/1101).

**15.** Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24, de nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV). Expte. 1465/1102. (Expte. Pleno 4318/1101).

**16.** Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24, de delegación da XGL no Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos. Expte. 1483/1102. (Expte. Pleno 4319/1101).

**17.** Dar conta do escrito do voceiro do grupo municipal Socialista, de data 26.02.24, sobre integrantes do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, pasando a ser concelleira titular a Sra. Iglesias López, en substitución do Sr. Losada Alvárez. Expte. Pleno 4292/1101.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

**18.** Dar conta do escrito dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, de data 1.03.24, designando como voceiro do grupo ao Sr. Martín Peña e suplentes a Sra. Sánchez Méndez e Sr. González Abeijón. Expte. Pleno 4299/1101.

**19. Formulación de rogos.**

**20. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, Mª Carmen *(incorpórase mais tarde)*

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

García González, Patricia
Garrido Valenzuela, Irene
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:
Iglesias González, Ana Laura

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos (09:09) do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil vinte e catro (25/03/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**1.(34). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIA DO 1 DE MARZO DO 2024.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 1/2024 extraordinaria, celebrada o 22/01/24
- Sesión núm. 2/2024 ordinaria, celebrada o 29/01/24.
- Sesión núm. 3/2024 extraordinaria, celebrada o 12/02/24.

**2.(35). TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA Dª PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ (EXPTE. PLENO 4322/1101)**

SRA. PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei así como gardar e facer a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

**.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Sra. Presidenta da sesión, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero, 56 no 2023 e 3 no que vai deste 2024.*

**MOCIÓNS:**

**3.(36). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE. EXPTE. PLENO 4333/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4333/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN
*MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O acceso á vivenda constitúese xa nun dos máis graves e importantes problemas sociais da cidade de Vigo. O continuado encarecemento dos alugueiros, que aumentaron os seus prezos nun 48,46% nos últimos dez anos (como se recolle*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

*nos datos oficiais do Observatorio de Vivenda de Galiza); a redución das vivendas dispoñíbeis para alugueiro residencial, pouco máis de 400, polo brutal avanzo do fenómeno ultraespeculativo das denominadas vivendas de uso turístico (que xa son máis de 1.600) na nosa cidade; e a ausencia dun parque de vivenda pública e social pola inacción da Xunta de Galiza e tamén pola falla de resposta polo actual Goberno municipal, son as tres principais causas que converxen para impedir o acceso a un ben esencial e un dereito social como é a vivenda.*

*Os prezos dos alugueiros en Vigo non só non teñen deixado de medrar senón que marcan máximos históricos. Así o reflicte o último informe do portal inmobiliario especializado Idealista, no que se recolle que o prezo do metro cadrado atinxiu os 9,8 euros, o que supón o prezo máis elevado desde que existen rexistros. Segundo este informe, publicado a finais do febreiro pasado, os arrendamentos de vivenda aumentaron no último ano un 5,5%. Aliás, os alugueiros na nosa cidade son, tal e como constata o Observatorio de Vivenda de Galiza, un 22% máis elevados que a media galega.*

*A dificultade de atopar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada ademais por un dato moi alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitacións en pisos compartidos xa superan os 300 euros mensuais. Unha situación especialmente alarmante, tendo en conta que a esta fórmula acoden as persoas de menores ingresos e en situación de grave vulnerabilidade social.*

*A falla de oferta de vivenda para alugueiro residencial, que diminuíu nun 23% nos últimos dous anos segundo datos da Asociación Galega de Inmobiliarias (Agalin), é resultado directo da proliferación de pisos turísticos que xa cuadriplicarían a oferta de alugueiros convencionais, nunha tendencia de aumento que fai prever que este 2024 poida concluír con 2 mil vivendas de uso turístico na cidade. Ao tempo, continúan sen adoptarse medidas para mobilizar o inmenso parque de vivenda baleira da cidade, que son máis de 22 mil segundo os últimos datos oficiais do INE.*

*A inacción da Xunta de Galiza, con plenas competencias en materia de vivenda, ten provocado que Vigo, malia esta situación, careza a día de hoxe dun imprescindíbel parque de vivenda social. Tampouco o Goberno español ten despregado as medidas precisas para actuar, ao se negar na práctica a destinar as vivendas das que é titular a SAREB (participada maioritariamente polo Estado) a usos sociais e cesar nas prácticas de acoso inmobiliario contra poboación vulnerábel como o que padecen desde hai varios anos a veciñanza da Privada Moderna no Calvario. A nivel municipal é tan evidente como inxustificábel a inacción por parte do goberno local para actuar neste ámbito a pesar de contar o Concello con amplas capacidades e recursos para facelo.*

*Esta situación provoca que 15 barrios da nosa cidade reúnan as condicións para seren declaradas como zonas tensionadas ao abeiro do previsto na nova lei de Vivenda. Unha medida xa solicitada formalmente polos concellos da Coruña e Santiago de Compostela, que permitiría topar o aumento dos prezos e facilitar, por tanto, o acceso a unha vivenda en alugueiro.*

*Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes*

*ACORDOS:*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

*1. Instar a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.*

*2. Esixir da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente, instala a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafiuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.*

*3. Instar a Xunta de Galiza a modificar as previsións no Plan Parcial de Navia para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública e destinar, como mínimo, o 50% das 1.600 previstas a alugueiro social.*

*4. Instar o Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:*

*a Iniciar os trámites precisos para lograr a declaración da cidade como zona tensionada do mercado da vivenda aos efectos de poder despregar as medidas legalmente previstas para frear o aumento continuado dos prezos de alugueiro.*
*b Adoptar as medidas necesarias para frear a proliferación de vivendas de uso turístico (VUT) na cidade e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento, aplicando unha moratoria de 5 anos na autorización de novas VUT.*
*c Poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Vigo, que inclúa entre outras medidas que o Concello asuma e responda polos avais e seguros que están esixindo as e os propietarios de cara a subscribir os contratos de alugueiro, así como unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente a mocidade e persoas con baixos recursos.*
*d Destinar os aproveitamentos urbanísticos que lle correspondan ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda social en réxime de alugueiro.*
*e Demandar do Goberno español a cesión por parte da SAREB das vivendas das que é titular na cidade para a súa inclusión nun parque de vivenda social.*
*f Impulsar a creación dunha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social, como instrumento para o despregamento dunha enérxica política municipal en materia de vivenda, e mais dun Observatorio Local da Vivenda para a monitorización da evolución do mercado inmobiliario na cidade.*
*g Estabelecer un plan de acción local destinado a mobilizar as 22 mil vivendas baleiras existentes na cidade, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos accesíbeis para a maioría social que representan as clases populares e traballadoras.*
*h Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida."*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**.- Incidencia. Sendo as 09:19 h., ausentase da sesión plenaria o Alcalde-Presidente, pasando a presidir o Segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira . Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e vinte e unha (21) abstencións, cinco (5) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.03.24 (Rex. Nº 4333/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *"De medidas para frear o aumento do prezo dos alugueiros e facilitar o acceso social á vivenda na cidade"* cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**4.(37). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AMOSANDO O REXEITAMENTO DESTE PLENO Á DECISIÓN DO PRESIDENTE DO GOBERNO DE RENUNCIAR A PRESENTAR UNS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO NO 2024. EXPTE. PLENO 4334/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4334/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formulan a seguinte,

*"MOCIÓN*

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O anuncio do presidente do Goberno, o pasado día 13 de marzo, rexeitando tramitar os PGE para o presente exercicio económico logo de que o presidente do Govern de Catalunya convocara eleccións autonómicas volve deixar en evidencia, máis unha vez, a Pedro Sánchez, que viña asegurando con rotundidade que o Goberno Central si sería quen de sacar adiante as contas xerais para este 2024.*

*Unha decisión de incumprir as súas obrigas que non está xustificada, nin tampouco compartida polos seus socios de goberno, SUMAR, e que non responde aos intereses de España senón unicamente aos seus persoais e aos do seu partido, o PSOE, para tentar seguir no poder a calquera prezo.*

*"La reflexión que deberíamos compartir, y que debería hacerse el presidente, es que un gobierno que no tiene Presupuestos es un gobierno que no puede gobernar, que no puede hacer nada", afirmaba hai uns anos Pedro Sánchez sobre non presentar Orzamentos. Palabras das que agora é rehén e que amosan, unha vez máis, a súa demagoxia. Algo ao que, por desgraza, xa estamos afeitos logo de tanto "cambio de opinión".*

*A falta de PGE 2024, implica a prórroga das contas xerais do Estado do pasado 2023, o que na práctica suporá que Vigo, máis aló do que aconteza coa provincia e o conxunto de Galicia, perda unha achega, como mínimo, de 15 millóns de euros, afondando na parálise de determinadas infraestruturas vitais para o desenvolvemento*

*futuro da nosa cidade. Proxectos que levan anos agardando por partidas económicas que permitan a súa posta en marcha, que tampouco veremos este ano logo de verse novamente adiados.*

*A Biblioteca do Estado, que seguirá con 100.000 euros nos orzamentos en troques dos 3 millóns previstos; O novo Instituto de Investigación Mariñas, que tamén se quedará pendente de 5 millóns de euros para a súa nova sede na ETEA; Ou os 7 millóns para a reforma do IEO en Cabo Estai; Por non falar do novo trazado en túnel da A-52, que seguirá sin apenas consignación orzamentaria; Ou o AVE por Cerdedo que tamén se quedará en cero euros. Entre outras moitas.*

*Fronte a este agravio resulta cando menos rechamante a ausencia de resposta algunha por parte do goberno municipal de Abel Caballero, que optou por calar a boca e non dicir nada nun silencio cómplice. Xusto o contrario do que fixo nada máis coñecer o voto en contra do PP ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e débeda pública, convocando un pleno extraordinario e acusando a este partido de votar en contra de Vigo. Pleno extraordinario do que, por certo, non volvemos saber nada.*

*Xa que logo, este grupo municipal quere instar a esta corporación municipal, e nomeadamente ao goberno municipal, a se posicionar diante desta decisión unilateral do Presidente do Goberno sen medir as consecuencias que a mesma implica implica, máis aló do seus intereses partidistas.*

*ACORDOS:*

1. *Amosar o rexeitamento deste pleno á decisión do presidente do Goberno Central, Pedro Sánchez, de renunciar a presentar uns Orzamentos Xerais do Estado no 2024, o que na práctica supón volver deixar no aire unha chea de proxectos que levan anos pendentes en Vigo e que seguirán parados ou esquecidos por falta do compromiso do Goberno Central.*

2. *Instar ao Executivo Central a reconsiderar a súa postura e cumprir coa súa obriga de presentar unhas contas para este ano.”*

*.- ***Incidencia.*** *Sendo as 09:40 h., incorpórase a sesión plenaria a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir e sesión. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e vinte (20) en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais os membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTÓRICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.02.2024 (Rex. Nº 4334/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*Amosando o rexeitamento deste Pleno á decisión do Presidente do Goberno de renunciar a presentar uns Orzamentos Xerais do Estado no 2024*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**5.(38). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO CENSURAR AO PARTIDO POPULAR DE ESPAÑA POLO SEU REXEITAMENTO AO TEITO DE GASTO APROBADO POLO GOBERNO E O CONGRESO DOS DEPUTADOS (CO VOTO EN CONTRA DO PP) E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4335/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4335/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

*"A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, aprobada en 2012 sendo presidente Mariano Rajoy e Cristóbal Montoro, ministro de Economía, establece que:*

*"No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, a proposta do Ministro de Facenda e Administracións Públicas e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria..."*

*O procedemento a seguir está na propia Lei Orgánica e consiste en tres fases:*

*a) Aprobación polo Consello de Ministros, previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) e da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL).*
*b) Aprobación polo Congreso dos Deputados*
*c) Aprobación polo Senado*

*Se o Congreso dos Deputados ou o Senado rexeitasen os obxectivos, o Goberno deberá remitir un novo acordo que se someterá ao mesmo procedemento.*

*O plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola UE prevía un déficit para o conxunto das administracións públicas dun 3% que sería repartido:*

*-CCAA: equilibrio orzamentario*
*-EELL: superávit do 0,2 por cento*

*No Acordo do Consello de Ministros, ratificado polo Congreso dos Deputados, o goberno propoñía un mmellor tratamento para as comunidades autónomas e as entidades locais. Así, contemplaba un déficit do 0,1 por cento para as comunidades autónomas e o equilibrio para os Concellos. Era, por tanto, unha proposta máis favorable para as Administracións autonómicas e locais.*

*Ao non ser aprobada a proposta no Senado, cos votos en contra do PP que ostenta a maioría absoluta, os Orzamentos Xerais do Estado de 2024 serán elaborados coa proposta orixinal que resulta ser máis prexudicial para a cidadanía, ao estar máis limitado o gasto das comunidades autónomas e das entidades locais.*

*Nesta situación a senda de estabilidade será:*

*1) Para as CCAA implicará equilibrio, polo que teñen que deixar de gastar un 0,1% do PIB que estaba previsto na proposta rexeitada, o que supón para o subsector autonómico unha perda de 1.462 millóns de euros.*

*2)As EELL estarán obrigadas a un superávit do 0,2% do PIB, fronte ao equilibrio previsto na proposta rexeitada, o que supón para o conxunto do sector local, unha perda de 2.924 millóns, o que implica menos investimento, menos gasto en servizos sociais, culturais ...*

*3) Así pois, no conxunto de España, o rexeitamento do Partido Popular supoñerá que o país deixará de gastar 4.386 millóns de euros en sanidade, educación, bolsas, investimentos...*

*Ao Concello de Vigo esta decisión do PP vaille custar 17,7 millóns de euros no ano 2024, é dicir, ten que deixar de gastar esa cantidade, aínda que teña os investimentos presupostados, como é o caso das becas de libros e comedor, as axudas sociais e outras cantidades para atender as necesidades da cidade. Non poderá executalas ao ter imposto polo PP o obxectivo dun superávit do 0,2% do PIB.*

*En base a este desatino intolerable que causa tal dano á cidade de Vigo, o grupo municipal socialista, propón ao Pleno da Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte*

*ACORDO:*

- *Censurar ao Partido Popular de España polo seu rexeitamento ao teito de gasto aprobado polo Goberno e o Congreso dos Deputados (co voto en contra do PP).*

- *Esixir ao PP de Vigo que se desculpe diante da cidadanía viguesa por causar un dano de case 18 millóns de euros, presupostados para política social, para humanizacións, plans de emprego, bolsas de inglés e libros e tantas outras cuestións que aparecen nas contas municipais aprobadas por esta cidade para o ano 2024."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais os membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.03.2024 (Rex. Nº 4335/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, “*instando censurar ao Partido Popular de España polo seu rexeitamento ao Teito de Gasto aprobado polo Goberno e o Congreso dos Deputados (co voto en contra do PP)*”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**6.(39). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA QUE DEROGUE A CONFINANCIACIÓN, IMPOSTA AO CONCELLO DE VIGO, NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS E QUE ASUMA COS SEUS RECURSOS ECONÓMICOS A SÚA COMPETENCIA EXCLUSIVA. EXPTE. 4336/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4336/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

*“A Xunta de Galicia do Partido Popular estableceu a obrigatoriedade de cofinanciación de centros de día, da súa titularidade, ao Concello de Vigo.*

*Esta obrigatoriedade estableceuse por Lei de Acompañamento aos Orzamentos da Xunta de Galicia, de xeito que non cabe oporse ao seu pagamento xa que, de facelo, a Comunidade Autónoma está facultada para reter as cantidades do Fondo de Cooperación Local (6,4 millóns) e, polo tanto, se verían, igualmente, minorados os ingresos municipais.*

*E así que os Orzamentos do Concello de Vigo contan cunha partida de 350.000 euros para cofinanciar Centros de Día da Comunidade Autónoma, detraendo a autonomía municipal para facer fronte a outras necesidades da cidade con ese importe que debería ser asumido pola Xunta de Galicia.*

*Esta cuestión é aínda máis clara se temos en conta a execución dos Orzamentos da Xunta de Galicia que, ano tras ano, deixan de executar as partidas de Benestar Social namentras que expropian os recursos municipais.*

*Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte*

*ACORDO*

- *Demandar da Xunta de Galicia que derogue a confinanciación, imposta ao Concello de Vigo, no ámbito de Benestar Social e que asuma exclusivamente cos seus recursos económicos a súa competencia exclusiva.”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais os membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.03.2024 (Rex. Nº 4336/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*demandando* da Xunta de Galicia *que derogue a confinanciación, imposta ao Concello de Vigo, no ámbito dos Servizos Sociais e que asuma cos seus recursos económicos a súa competencia exclusiva*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**7.(40). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE A MOSTRAR O SEU COMPROMISO REAL E PRIORITARIO COA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A GEOPARQUE PROMOVIDA POLO CONCELLO DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4337/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4337/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

*"O arquipélago das Illas Cíes formado por tres illas (Norte ou Monteagudo, Do medio ou Do Faro Sur ou San Martiño) é o paraíso natural da ría de Vigo, un dos destinos turísticos máis visitados de toda Galicia e unha das zonas virxes que nos queda. Por iso, o compromiso do Alcalde de Vigo coa designación como patrimonio da humanidade e coa candidatura como geoparque mundial da Unesco sempre foi manifesto e rotundo.*

*As declaracións recentes da Conselleira de Medio Ambiente afirmando textualmente: " NON sei se vai poder ser xeoparque. Eu entendo que non reúne as condicións como tal, trátase dunha illa", as cales parten da ignorancia, carecen de fundamento científico e son realmente un claro exemplo do desprezo co que trata a Xunta á nosa cidade que parece non estar interesada en que a provincia de Pontevedra siga crecendo en turismo sostible.*

*A rica biodiversidade, a singularidade xeolóxica, o patrimonio cultural das illas ou o seu potencial para promover o desenvolvemento territorial baixo un prisma de valor compartido entre a contorna e a sociedade local, son atributos que apoian fortemente a candidatura como geoparque. Este enfoque non só promove a conservación e o estudo científico das illas, senón que tamén potencia o desenvolvemento sostible e a educación ambiental.*

*E por iso propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

*ACORDOS:*

*- Instar á Consellería de Medio Ambiente e en consecuencia á Xunta de Galicia a mostrar o seu compromiso real e prioritario coa candidatura das Illas Cíes a geoparque promovida polo Concello de Vigo.*

*-Pedir a retirada das insidiosas declaracións da Conselleira deostando a candidatura das Illas Cïes como geoparque e mostrar o seu apoio absoluto a través de medios materiais e humanos á candidatura a Geoparque."*

***.- Incidencia.** *No momento da votación atópanse ausentes da sesión plenaria o Sr. Pardo Espiñeira e o Sr. Fernández Pérez , concelleiros do grupo municipal Socialista.*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (15) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais cinco (5) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.03.2024 (Rex. Nº 4337/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "*instando á Consellería de Medio Ambiente a mostrar o seu compromiso real e prioritario coa candidatura das Illas Cíes ea geoparque promovida polo Concello de Vigo e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**8.(41). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PARTIDO POPULAR A RESPECTAR A IMPORTANCIA DA CIDADE DE VIGO NOS NOMEAMENTOS, REXEITANDO QUE PARA A PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NON DESIGNASEN A UN REPRESENTANTE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4339/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4339/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

*"O Partido Popular nunca propicia que os cargos da cidade de Vigo teñan unha presenza destacada nas institucións, de acordo ao que lle corresponde por ser a primeira cidade de Galicia.*

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*A diferenza, o PSOE sempre potencia que nos cargos importantes, figuren cargos políticos elixidos en Vigo destacando así o peso político da cidade.*

*Nesa liña, durante oito anos a Tenente de Alcalde de Vigo, Dª. Carmela Silva, desempeñou o posto de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Co cambio de goberno na Deputación de Pontevedra, en xullo de 2.023, o Partido Popular designou como Presidente da Deputación de Pontevedra ao Concelleiro de Rodeiro, que figuraba como último suplente da lista do PP ao citado Concello nas Eleccións Municipais, tendo que facer dimitir a todos os candidatos que lle precedían para posibilitar a súa elección. A presenza de Vigo no novo goberno da Deputación limitábase á Vicepresidencia Primeira da devandita Institución.*

*Unha vez que se produce a renuncia a todos os seus cargos da Vicepresidenta Primeira, prodúcese a correspondente substitución e no novo goberno da Deputación, nomeado en datas recentes, a presenza de Vigo aínda é máis insignificante, quedando relegada á Vicepresidencia 2.ª.*

*A día de hoxe, o goberno da Deputación ten como Presidente a un Concelleiro de Rodeiro, como Vicepresidente 1.º. a un Concelleiro de Pontevedra e como Vicepresidenta 2.ª. a unha Concelleira de Vigo.*

*É a mostra da marxinación á que o PP somete á nosa cidade, unha decisión de Alfonso Rueda en liña coa marxinación que o PP vén sometendo á cidade de Vigo, inclusive nas propias decisións que afectan o seu partido.*

*E por iso propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*- Instar o Partido Popular a respectar a importancia da cidade de Vigo nos nomeamentos rexeitando que para a Presidencia da Deputación de Pontevedra non designasen a un representante de Vigo, como sucedeu nos oito anos de goberno do PSOE, e quedase relegada a representación de Vigo a un terceiro lugar.”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco (5) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela,  González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.03.2024 (Rex. Nº 4339/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, “*instando ao Partido Popular a respectar a importancia da*

*cidade de Vigo nos nomeamentos, rexeitando que para a Presidencia da Deputación de Pontevedra non designasen a un representante de Vigo"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## PARTE DE CONTROL

**MOCIÓNS.**

**9.(42). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CONSIDERE O MODELO QUE DEBE APLICARSE, NO RELATIVO A ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS, ENTRE O APLICADO POLO GOBERNO MUNICIPAL DE VIGO OU O ACORDADO POLO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. PLENO 4338/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de marzo de 2024, número 4338/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

*"O Pleno de Organización das Entidades Locais, que se celebra despois da toma de posesión, é moi importante na configuración dos gobernos, das estruturas de persoal e tamén o é na definición dos medios cos que contarán os grupos da oposición para realizar o seu traballo.*

*Nas propostas que realizan os equipos de goberno aos Plenos constátase a vontade do recoñecemento do traballo da oposición e articúlanse os medios necesarios para a realización do seu traballo.*

*Parece lóxico que os partidos maioritarios manteñan un criterio uniforme en administracións similares en estrutura e en importancia institucional.*

*As decisións adoptadas, nos Plenos de Organización, do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra non se corresponden con ese criterio lóxico e de respecto ao traballo para realizar pola oposición.*

*No caso do Concello de Vigo, como vén sendo normal nos últimos cinco mandatos, articúlanse os medios necesarios para o que os grupos de oposición poidan realizar o seu labor. No apartado de réxime de dedicacións exclusivas, este Pleno aprobou a asignación dun dedicación exclusiva para o Grupo Popular e unha media dedicación para o Grupo do BNG.*

*No caso da Deputación de Pontevedra, a proposta do novo goberno que foi aprobada exclusivamente polos votos do Grupo Popular, non se asignou ningunha dedicación a ningún Grupo da oposición, PSOE e BNG.*

*Resulta do todo antidemocrático esta forma de actuar, cando nos oito últimos anos de goberno na Deputación, o Grupo Popular tivo asignacións de dedicación exclusiva para a realización do seu traballo de oposición. E é a propia Vicepresidenta da Deputación a que ten asignada unha dedicación exclusiva, no Concello de Vigo, e vota en contra desta medida democrática no Pleno da Deputación.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*Manter a proporcionalidade dos recursos é unha regra democrática que todo goberno debe manter e defender. E a proporcionalidade do número de Concelleiros e Deputados aínda fai máis indignante a decisión do Goberno da Deputación.*

*Porque no Concello de Vigo, o PP ten asignada unha dedicación exclusiva con 5 Concelleiros (o 18% da Corporación) e o BNG ten asignada media dedicación con 3 Concelleiros (o 11% da Corporación).*

*Na Deputación de Pontevedra, o Grupo Provincial do PSOE ten 9 Deputados (o 33% da Corporación) e 0 asignacións, o mesmo que o BNG con 4 Deputados (o 14% da Corporación)*

*O resultante destas dúas situacións: modelo Concello de Vigo claramente democrático e respectuoso coa oposición e o modelo Deputación de Pontevedra extremadamente antidemocrático impedindo o traballo da oposición, ao noso entender, esta actitude do Partido Popular, merece unha reflexión por parte do goberno municipal, é polo que se propón ao Pleno da Excma. corporación de Vigo que adopte o seguinte*

*ACORDO*

*Instar o Goberno Municipal a que considere o modelo que debe aplicarse, no relativo a asignación de dedicacións exclusivas, entre o aplicado polo goberno municipal de Vigo ou o acordado polo goberno da Deputación de Pontevedra."*

O SR. PRESIDENTE RETIRA DA ORDE DO DIA ESTA MOCIÓN.

**RESOLUCIÓNS.**

**10.(43). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 26.02.24, DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA EFECTIVA E VICEPRESIDENCIA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO PLENO. EXPTE. PLENO 4276/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.02.24, que di o que segue,

*"Con data 14 de xullo de 2023, a Alcaldía resolveu a elección dos membros corporativos para desempeñar a presidencia efectiva das respectivas Comisións e a vicepresidencia, trala renuncia do Sr. Losada Alvarez e a toma de posesión da concelleira Sra. Iglesias López, e á vista da proposta das Comisións Informativas na sesión de data 19.02.24 e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril e artigo 38.d) e 125 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, resolvo:*

*PRIMEIRO: Delegar a presidencia das Comisións Informativas do Pleno nos seguintes concelleiros/as.*

- *Comisión de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística*
  *Presidencia: María del Carmen Silva Rego*
  *Vicepresidencia: Carlos López Font*

- *Comisión de Fomento e Servizos*
  *Presidencia: Jaime Aneiros Pereira*
  *Vicepresidencia : Ana María Mejías Sacaluga*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

- *Comisión de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude*
  *Presidencia: José Manuel Fernández Pérez*
  *Vicepresidencia: Patricia Iglesias López*

- *Comisión de Urbanismo e Vivenda*
  *Presidencia: María José Caride Estévez*
  *Vicepresidencia: Patricia Iglesias López*

*Constituído o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, será este órgano quen actúe como Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda.*

- *Comisión de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal*
  *Presidencia: Carlos López Font*
  *Vicepresidencia: Jaime Aneiros Pereira*

- *Comisión de Política Social e Turismo*
  *Presidencia: José Manuel Fernández Pérez*
  *Vicepresidencia: Patricia Iglesias López*

- *Comisión de Orzamentos e Facenda*
  *Presidencia: Jaime Aneiros Pereira*
  *Vicepresidencia: Carlos López Font*

- *Comisión de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais*
  *Presidencia: José Manuel Fernández Pérez*
  *Vicepresidencia: Patricia Iglesias López*

*SEGUNDO: Dar traslado desta Resolución aos Voceiros/a dos grupos municipais ao obxecto de que a comuniquen e trasladen aos concelleiros citados.*

*TERCEIRO: Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.*

*CUARTO: Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello."*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía, de data 26.02.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**11.(44). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 7.03.24, RELATIVA AO DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARTÍN PEÑA. EXPTE. PLENO 4300/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 7.03.24, que di o que segue,

“1.- O Pleno do Concello, na súa sesión de data 3.07.2023, de conformidade co artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), aprobou os cargos con dedicación exclusiva e parcial, así como o réxime de dedicación destes últimos. Corresponde ao grupo municipal popular “un/unha concelleiro/a” que realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

2.- Por Resolucións da Alcaldía de data 7.07.2023 e 17.08.2023 designouse aos concelleiros e concelleiras que exercen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

3.- En sesión ordinaria celebrada con data 26.02.24, o Pleno do Concello de Vigo tomou coñecemento da renuncia á acta de concelleira de Dª Marta Fernández-Tapias, que desempeñaba as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

4.- En data 1.03.2024, número rexistro pleno 4300/1101, os membros do grupo municipal do Partido Popular comunican que o concelleiro que desempeñara as función en réxime de dedicación exclusiva será D. Jose Miguel Martín Peña, con efecto dende o 1.03.2024.

Conforme o artigo 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local corresponde ao Alcalde-Presidente a adopción dos acordos determinando os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Polo exposto, e visto o conforme da Intervención Municipal, de data 4.03.24, esta Alcaldía, RESOLVE

Primeiro.- O concelleiro D. José Miguel Martín Peña exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cun importe bruto anual 65.688,70 € (exercicio 2024) con efectos dende a data do 1 de marzo de 2024.

Segundo.-. As retribucións especificadas para cada cargo ,así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicacións exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que abonaranse en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación ni do Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.

Quinto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao corporativo mencionado, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE
AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*Sexto.- Notificar a presente Resolución ao interesado, entendéndose implícita no escrito citado no antecedente cuarto a aceptación da dedicación.*

*Sétimo.- Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.*

*Oitavo.- Dar conta individualizada ao Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello (Sede Electrónica).”*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía, de data 7.03.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**12.(45). DÁSE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 7.03.24, DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 7.02.24, DE DELEGACIÓN NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DELEGADO DE FOMENTO A TOTALIDADE DAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIDOS COMO SEDE NA CANDIDATURA DA RFEF AO MUNDIAL DE FÚTBOL DA FIFA 2030. EXPTE. 1134/1102. (EXPTE. PLENO 4324/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 7.03.24, que di o que segue,

*“En data 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.*

*Por Resolución da Alcaldía de data 7.02.2023 e conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais delegouse no Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.*

*Ante a brevidade dos prazos conferida pola Real Federación Española de Fútbol para presentación, se procede, da documentación que formalice a candidatura cómpre imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, para o cal resulta aconsellable ampliar a delegación especial conferida por esta Alcaldía e atribuír ao concelleiro a representación do Concello de Vigo e a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*De e conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE*

*PRIMEIRO.- Modificar a Resolución da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2024 e delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a representación do Concello de Vigo e todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*SEGUNDO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas. Así mesmo, deberá ser informada previamente á adopción de decisión de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.*

*TERCEIRO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas*

*CUARTO.- Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.*

*QUINTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.”*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Decreto da Alcaldía, de data 7.03.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**13.(46). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/02/24 E O 18/03/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1651/1102. (EXPTE. PLENO 4330/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1651/1102.

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

**14.(47). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/02/24 E O 18/03/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1650/1102. (EXPTE. PLENO 4331/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1650/1102.

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**15.(48). DÁSE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 8.03.24, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV). EXPTE. 1465/1102. (EXPTE. PLENO 4318/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24, que di o que segue,

*"19.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV). EXPTE. 1465/1102.*

*Dáse conta do informe-proposta de data 05/03/2024, asinado pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:*

*Como consecuencia da renuncia do cargo de concelleiro por parte de D. Abel Fermín Losada Álvarez con motivo da súa designación como Subdelegado do Goberno en Pontevedra e a elección de Dna. Elena Espinosa como diputada no Parlamento Autonómico procede modificar o acordo de designación dos representantes municipais no pleno da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.*

*O artigo 9 dos Estatutos da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo(BOP n.º 73, 17/04/99) determina que cada Concello estará representado no pleno da mancomunidade polo seu Alcalde máis por outros representantes designados polo pleno de cada Concello entre os membros corporativos e respecto ao noso municpios na seguinte proporción, Concellos con poboación superior a 100.000 habitantes 7, máis un representante máis por fracción de 25.000 superando os 100.000 habitantes.>>*

*O Concello de Vigo segundo datos oficiais publicados no INE e aprobado por Decreto 1458/2018, de 14 de decembro dispón dunha cifra de poboación resultante da revisión do Padrón Municipal referidas a 2022 de 292.374 habitantes, polo que lle corresponde ao Concello de Vigo a designación de catorce concelleiros.*

*Trala da sesión constitutiva da corporación en data 17 de xuño de 2023, constituironse os seguintes grupos municipais: PSOE, dezanove concelleiros/as; PP, cinco concelleiros/as; BNG, tres concelleiros/as.*

*E por isto que procede someter a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, a adopción do seguinte, ACORDO*

*Primeiro.- Designar como representantes do Concello de Vigo no pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo a Dna. Patricia Iglesias López e Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez resultando a seguinte composición:*

*Presidente, Sr. Alcalde do Concello de Vigo, Abel R. Caballero Álvarez*

*Polo Grupo Político Municipal Socialista:*

*Vogal 1 D. Francisco Javier Pardo Espiñeira*
*Vogal 2 Dna. Patricia Iglesias López*
*Vogal 3 Dna Patricia Rodríguez Calviño*
*Vogal 4 Dna. Yolanda Aguiar Castro*
*Vogal 5 D. Jaime Aneiros Pereira*
*Vogal 6 D. Ángel Rivas González*
*Vogal 7 D. Carlos López Font*
*Vogal 8 Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez*
*Vogal 9 Dna. María Olga Alonso Suárez*
*Vogal 10 Dna María del Carmen Lago Barreiro*
*Vogal 11 Dna. Ana Laura Iglesias González*

*Polo Grupo Político Municipal do Partido Popular.*

*Dna. Luisa Sánchez Méndez*
*D. Fernando González Abeijón*

*Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,*

*D. Xabier Pérez Igrexas*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.*

*Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.*

*Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.*

*<u>ACORDO</u>*
*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

**16.(49). DÁSE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 8.03.24, DE DELEGACIÓN DA XGL NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS. EXPTE. 1483/1102. (EXPTE. PLENO 4319/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24, que di o que segue,

*"24.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS. Expte. 1483/1102.*

*A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.*

*Dáse conta da proposta de data 07/03/2024, asinada pola secretaria de Goberno local, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo alcalde, que di o seguinte:*

*O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.*

*Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2019 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de fomento; entre outras obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas;obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.*

*En data 22 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno determinadas s atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área e concretamente delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos en materia de fomento a facultade de outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.*

*En data 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.*

*O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

Por Resolución da Alcaldía de data 7.02.2024 e posterior de data 7.03.2024 e conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais delegouse no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a representación do Concello de Vigo e todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Ante a brevidade dos prazos conferida pola Real Federación Española de Fútbol para presentación, se procede, da documentación que formalice a candidatura cómpre imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución do expedientes administrativo, para o cal resulta aconsellable que a Xunta de Goberno Local delegue no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira as competencias municipais en materia da xestión económica, autorización e disposición de gasto e exercicio das acciones xudiciais e administrativas que no seu caso requiran as actuacións obxecto da delegacion especial.

Polo exposto, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos a competencia municipal relativa a

a) Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.
b) O exercicio das acciones xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

SEGUNDO .- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

CUARTO.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*QUINTO- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.*

*SEXTO .- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.*

*SÉTIMO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.*

*OITAVO- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.*

*NOVENO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.*

*DÉCIMO - Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.*

*ACORDO*
*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**17.(50). DAR CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DE DATA 26.02.24, SOBRE INTEGRANTES DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, PASANDO A SER CONCELLEIRA TITULAR A SRA. IGLESIAS LÓPEZ, EN SUBSTITUCIÓN DO SR. LOSADA ALVÁREZ. EXPTE. PLENO 4292/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta do escrito do voceiro do grupo municipal Socialista, de data 26.02.24, que di o que segue,

*"En base ao acordo adoptado polo Pleno na súa sesión de 3 de xullo de 2023 (expte. 1724/110), pola presente comunícase a proposta deste Grupo Municipal, que modifica a comunicación remitida o pasado 5 de xullo de 2023 (3888/1101) sobre integrantes do CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, pasando a ser concelleira titular Dª Patricia Iglesias López en substitución de D. Abel Losada Alvárez.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

*O que lle traslado para coñecemento e demais efectos."*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do escrito do voceiro do grupo municipal Socialista, de data 26.02.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**18.(51). DAR CONTA DO ESCRITO DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE DATA 1.03.24, DESIGNANDO COMO VOCEIRO DO GRUPO AO SR. MARTÍN PEÑA E SUPLENTES A SRA. SÁNCHEZ MÉNDEZ E SR. GONZÁLEZ ABEIJÓN. EXPTE. PLENO 4299/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta do escrito dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, de data 1.03.24, que di o que segue,

*"Despois da renuncia á súa acta de concelleira de Dna Marta Fernández-Tapias Núñez, da que se deu conta na sesión plenaria de data 26 de febreiro de 2024, comunicamos a designación de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular:*

*VOCEIRO: José Miguel Martín Peña*

*VOCEIROS SUPLENTES: Luisa Sánchez Méndez*
*Fernando González Abeijón"*

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do escrito dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, de data 1.03.24. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**19. FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**19.1.-(52)** Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. *Que se inicien as actuacións que permitan a remunicipalización dos servizos concesionados de abastecemento e saneamento de auga e de transporte urbano, cando conclúan as súas prórrogas en 2025, realizando unha auditoría dos mesmos, creando unha Comisión de Remunicipalización (con presenza de todos os grupos municipais e servizos técnicos do Concello), así como coa constitución dunha Empresa Pública Municipal de Servizos.*

**19.2.-(53)** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. *A o goberno municipal que explique cales son as intencións do concello coa parte social do refuxio de animais da Madroa, unha vez resolto o contrato para á adxudicación deste espazo a unha empresa que vai deixar fora á asociación protectora de animais de Vigo logo de 70 anos de estar vencellada a este espazo.*

**20. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

**20.1.-(54)** Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. *¿Vai o Goberno municipal a sancionar ou adoptar algún tipo de actuación contra Vitrasa, como empresa concesionaria do bus urbano, por manter recortes nos seus servizos e frecuencias a pesar de que a folga indefinida rematou o pasado 11 de marzo, non contar con autorización municipal para esas reducións e sendo a súa obriga legal a recuperación completa dos servizos ordinarios?*

**20.2.-(55)** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. *¿Sabe o goberno local cando se van a iniciar as obras dos tuneles baixo o complexo Vialia, que son competencia do concello, e cal é o motivo polo que se retirou da pasada Xunta de Goberno a aprobación do modificado??*

**ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL**

```
Asunto     : Pleno ordinario marzo 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano     : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 25 de Marzo de 2024 09:09:24
Fecha Fin  : Lunes, 25 de Marzo de 2024 11:08:53
Duración   : 01:59:29

- HTML
-----------------------------------------------------------------------------
https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3433


- Media (MASTER)
-------------------------------------------------------------------

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.6 GiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/nY2FrHEYyCUF0yMcZd9qbQ4RWumx7mQLr3Y2PJRvk
R3yB30m.wmv
SHA512 - 4286b747adb5b2b9723061a170646120810608ee2cb31234306dfb92786d8503f916a57
ed101d89bf6e8a37114cd01fe2c0da069d60d3986d43e16342cf025e7

- Media (PROXYS)
-------------------------------------------------------------------

[1] Video H264, 480p, Stereo, 689 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/jCIKKiKLDPmIWO4nGzDb0BVYynLdIpR67wWgGCdai
GTE7W9C.mp4
SHA512 - f7abfe73e42de0a4377998f7915f58c5e58972f20c20bd840dd3ce5178d6a1d0fcc7082
0e57009c3c53cb733cfb66e098b7832a499a3b080528dbcdb3f8ce3e6

- Minutaje
-------------------------------------------------------------------------

00:00:01   - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario;
             Oradora invitado; Asiento 5; Silva Rego, Carmen; Espinosa
             Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas
             González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez,
             Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.ª del Carmen;
             Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira,
             Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño,
             Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María;
             Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Martín
             Peña, José Miguel; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez,
```

Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:55 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 26 de febreiro e extraordinaria do 1 de marzo do 2024.

00:01:09 : 2. Toma de posesión da concelleira electa Dª Patricia García González (Expte. Pleno 4322/1101)

00:02:11 - -Minuto de silencio polas víctimas de violencia de xénero-

00:03:26 : 3. Moción do grupo municipal do BNG de medidas para frear o aumento doprezo dos alugueiros e facilitar o acceso social á vivenda na cidade. Expte. Pleno 4333/1101.

00:03:42 - Pérez Iglesias, Xabier
00:08:43 - Caballero Álvarez, Abel
00:08:59 - Martín Peña, José Miguel
00:13:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:13:31 - Caride Estévez, María José
00:18:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:18:49 - Pérez Iglesias, Xabier
00:21:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:21:56 - Votación [9:31:20]

00:22:20 : 4. Moción do grupo municipal do Partido Popular amosando o rexeitamento deste Pleno á decisión do Presidente do Goberno de renunciar a presentar uns Orzamentos Xerais do Estado no 2024. Expte. Pleno 4334/1101.

00:22:46 - Martín Peña, José Miguel
00:27:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:27:20 - Pérez Iglesias, Xabier
00:32:34 - Silva Rego, Carmen
00:32:42 - López Font, Carlos
00:37:50 - Martín Peña, José Miguel
00:41:10 - Silva Rego, Carmen
00:41:16 - Votación [9:50:41]

00:41:42 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando censurar ao Partido Popular de España polo seu rexeitamento ao Teito de Gasto aprobado polo Goberno e o Congreso dos Deputados (co voto en contra do PP) e outros acordos complementarios. Expte. 4335/1101.

00:42:04 - López Font, Carlos
00:47:12 - Silva Rego, Carmen
00:47:16 - Pérez Iglesias, Xabier
00:52:22 - Silva Rego, Carmen
00:52:29 - Garrido Valenzuela, Irene
00:57:23 - Silva Rego, Carmen
00:57:27 - López Font, Carlos
01:00:30 - Silva Rego, Carmen
01:00:31 - Votación [10:10:01]

01:00:48 : 6. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia que derogue a confinanciación, imposta ao Concello de Vigo, no ámbito dos Servizos Sociais e que asuma cos seus recursos económicos a súa competencia exclusiva. Expte. 4336/1101.

01:01:12 - Aneiros Pereira, Jaime
01:06:24 - Martínez Piñeiro, Ana
01:10:53 - Silva Rego, Carmen
01:11:00 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:15:37 - Silva Rego, Carmen
01:16:04 - Aneiros Pereira, Jaime

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado

01:18:53 - Silva Rego, Carmen
01:19:05 - Votación [10:28:29]

01:19:11 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Medio Ambiente a mostrar o seu compromiso real e prioritario coa candidatura das Illas Cíes a geoparque promovida polo Concello de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 4337/1101.
01:19:33 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:24:40 - Silva Rego, Carmen
01:24:53 - Abalde Comesaña, Filipe
01:29:47 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:33:04 - Silva Rego, Carmen
01:33:08 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:36:20 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:36:25 - Silva Rego, Carmen
01:36:33 - Votación [10:45:57]

01:36:47 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Partido Popular a respectar a importancia da cidade de Vigo nos nomeamentos, rexeitando que para a Presidencia da Deputación de Pontevedra non designasen a un representante de Vigo. Expte. pleno 4339/1101.
01:37:03 - López Font, Carlos
01:37:11 - Silva Rego, Carmen
01:37:24 - López Font, Carlos
01:42:35 - Pérez Iglesias, Xabier
01:47:19 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:50:38 - López Font, Carlos
01:53:51 - Votación [11:03:21]
01:53:51 - Silva Rego, Carmen

01:54:07 : 10. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.02.24, de delegación da Presidencia efectiva e Vicepresidencia das Comisións Informativas do Pleno. Expte. Pleno 4276/1101.

01:54:22 : 11. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 7.03.24, relativa ao desempeño das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Expte. Pleno 4300/1101.

01:54:41 : 12. Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 7.03.24, de modificación da Resolución do 7.02.24, de delegación no Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de Fomento a totalidade das actuacións municipais no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaidos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de Fútbol da FIFA 2030. Expte. 1134/1102. (Expte. Pleno 4324/1101)

01:55:10 : 13. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1651/1102. (Expte. Pleno 4330/1101)

01:55:29 : 14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/02/24 e o 18/03/24, incluídas no expediente 1650/1102. (Expte. Pleno 4331/1101).

01:55:43 : 15. Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.03.24, de nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV). Expte. 1465/1102. (Expte. Pleno 4318/1101)

01:55:59 : 16. Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

8.03.24, de delegación da XGL no Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos. Expte. 1483/1102. (Expte. Pleno 4319/1101).

01:56:16 : 17. Dar conta do escrito do voceiro do grupo municipal Socialista, de data 26.02.24, sobre integrantes do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, pasando a ser concelleira titular a Sra. Iglesias López, en substitución do Sr. Losada Alvárez. Expte. Pleno 4292/1101

01:56:38 : 18. Dar conta do escrito dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, de data 1.03.24, designando como voceiro do grupo ao Sr. Martín Peña e suplentes a Sra. Sánchez Méndez e Sr. González Abeijón. Expte. Pleno 4299/1101.

01:57:01 : 19. Formulación de rogos.
01:57:07 - Abalde Comesaña, Filipe
01:57:38 - Silva Rego, Carmen
01:57:46 - Martín Peña, José Miguel
01:58:01 - Silva Rego, Carmen

01:58:05 : 20. Formulación de preguntas.
01:58:14 - Martínez Piñeiro, Ana
01:58:38 - Silva Rego, Carmen
01:58:47 - Martín Peña, José Miguel
01:59:02 - Silva Rego, Carmen

**-- o --**

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e oito minutos (11:08)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 6/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Mª del Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL

Jose Villan Fuertes

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 02/05/2024 12:10:29 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 02/05/2024 12:47:35 | TTE ALCALDE AREA PATR.HISTORICO CULTURA IGUALDADE E NORM.LING. - ( MARÍA CARMEN SILVA REGO ) 03/05/2024 13:46:30 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 03/05/2024 15:56:37

Documento asinado